

## PRESENTACIÓN

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico (o medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, renda, saúde e benestar á poboación). A industrialización e a urbanización modificaron o medio dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos que condicionan e sustentan a vida. Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección da contorna na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar ás entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible; sendo esta unha oportunidade máis, de concienciar os concellos galegos da importancia de asumir esta filosofía na súa xestión, a través da posta en marcha do **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2007**, que leva consigo:

- **Un primeiro nivel de actuación:** de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente, a través da realización do XXXII Curso de Saúde Ambiental en Burela, co obxectivo de contribuír a mellorar a xestión e as condicións de vida dos cidadáns da Mariña Lucence.

- **Un segundo nivel de actuación:** de participación cidadá, a través da realización dunha conferencia-coloquio e unha exposición sobre o medio ambiente natural galego, co obxectivo de propiciar a participación activa da cidadanía da Mariña Lucence.

- **Unha recomendación:** que os concellos da Mariña Lucence impulsen o desenvolvemento da Axenda 21 Local, cuia implantación iniciaron os concellos de Burela, Ribadeo e Viveiro.

Co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten a Mariña Lucence, organízase este curso que, está deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente. Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable para todos os galegos, mellor legado para xeracións vindeiras.

*Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira (\*)*  
RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2007.

(\*) Pioneiro e impulsor da saúde ambiental en Galicia, debido á súa dilatada traxectoria académica e profesional, tras 28 anos de actividade e labor desenvolvido, ten acreditado un recoñecido prestixio e é ben coñecido en medios nacionais e internacionais como un avanzado ambientalista, pola súa contribución ós sectores medio ambiente e saúde na triple vertente docente, investigadora e educativa, que se traduciu, entre outros, no recoñecemento da OMS pola súa valiosa contribución ao proxecto europeo “Healthy Cities”, na obtención de oito premios de investigación científica e nove distincións e recoñecementos, e na publicación de 46 libros (15 como autor e 31 como director/coordinador), 165 publicacións científicas e 69 artigos de divulgación relacionados coa problemática hixiénico-ambiental. Doutor en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela, especialista universitario en Toxicoloxía pola Universidad Complutense de Madrid, diplomado en Sanidade pola Escuela Nacional de Sanidad, académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia do Instituto de España, socio numerario da Sociedad Española de Sanidad Ambiental, ex-profesor de Hixiene e Sanidade Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela, ex-director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) con sé no Castelo de Santa Cruz de Oleiros. En calidade de experto en sanidade ambiental foi vocal do Consello Galego de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e membro do Comité Científico do I Congreso Mundial de Saúde e Medio Ambiente Urbano. Formou parte do Acordo da V Sesión da Comisión Mixta de Cooperación Técnico-Científica entre Italia e España no apartado Protección Ambiental, tendo realizado diversas estadias de investigación no Laboratorio de *Igiene Ambientale do Isituto Superiore di Sanità* (Roma). Levou a cabo a organización e dirección técnico-científica de máis de 150 plans, proxectos, programas e actividades de formación, investigación e educación ambiental en Galicia. Elaborou un Plan de formación, investigación e educación ambiental para a Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Puxo en marcha un Plan de formación ambiental na Escola Galega de Administración Pública. Dirixiu un Plan de actividades sobre medio ambiente da Fundación Semana Verde de Galicia no Recinto Feira Internacional de Galicia. Director do Programa de Formación Ambiental das Patrullas Verdes do Concello de Caldas de Reis (Pontevedra). Profesor de “Medio Ambiente e Saúde” de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid.

## PROGRAMA

**LUNS, 8 OUTUBRO 2007**

**16,00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.**

**16,30 h:** **ACTO INAUGURAL**, a cargo de *D. Alfredo Llano García*, Alcalde-Presidente do Concello de Burela; *D. Eduardo Vidal Baamonde*, Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia; *Dª. Lucía Bouza Orosa*, concelleira de Medio Ambiente do Concello de Burela; e representantes da FEGAMP, CAIXA GALICIA e organismos colaboradores.

**17,00 h:** **CONFERENCIA INAUGURAL: “Radiografía ambiental de Galicia: propostas de mellora”**. PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA

**18,00 h.: MESA REDONDA I: “A calidade das augas en Galicia”**.

**MODERADORA:** Dª. MARGARITA VÁZQUEZ OURO *Xefa do Departamento de Sanitaria do IES Monte Castelo-Burela.*

**RELADORES:**

- **“Plan de saneamento de Galicia 2000-2015: a súa aplicación na Mariña Lucence”**. PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ *Ilmo. Sr. Subdirector Xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.*

- **“A xestión dos servizos de abastecemento e saneamento nalgúns municipios galegos. Criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano”**. D. JOSÉ MARÍA OURO LÓPEZ *Xefe de Producción de Zona Norte Galicia de Aquegest, S.A.*

- **“Eficacia das plantas depuradoras compactas e prefabricadas na depuración de augas residuais domésticas para pequenos núcleos de poboación”**. D. GONZALO PÉREZ VÁZQUEZ *Departamento Desarrollo de SMA – Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.* D. GONZALO ALFONSÍN SOLIÑO *Departamento de Medio Ambiente de Facet Ibérica, S.A.*

**MARTES, 9 OUTUBRO 2007**

**16,30 h.: MESA REDONDA II: “A xestión dos residuos en Galicia”**.

**MODERADORA:** Dª. ANA SÁNCHEZ RODRÍGUEZ *Responsable do Departamento de Medio Ambiente da CEL-Confederación de Empresarios de Lugo.*

**RELADORES:**

- **“De Sogama á Sociedade Galega do Medio Ambiente”**. Dª. TERI CAMPOS MOSQUERA *Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.*

- **“Novas tendencias na xestión e tratamento dos residuos industriais”**. D. JUAN MOGIN DEL POZO *Director Técnico do Grupo Toysal.*

- **“Valorización agronómica de lodos de depuradora e residuos biodegradables”**. D. ALBERTO AMADOR GARCÍA *Director Técnico de Agroamb, S.L.U.*

- **“Xestión de residuos agrogandeiros e forestais”**. D. JOSÉ LÓPEZ FERNÁNDEZ *Profesor do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal “Pedro Murias”.*

- **“Importancia da sensibilización e participación cidadá na xestión do lixo: a experiencia na Mariña Lucense”**. D. JESÚS COTELO CASTIÑEIRA *Consultor do Departamento de Medio Ambiente de Novotec Consultores, S.A.*

**MÉRCORES, 10 OUTUBRO 2007**

**09,00-14,00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:**

- Área recreativa de Monte Castelo (Burela).
- Fábrica de Alcoa (San Cibrao-Cervo).
- Fábrica de Cerámica de Sargadelos, S.L. e conxunto histórico-artístico de Sargadelos (Cervo).

**16,30 h.: MESA REDONDA III: “Contribución das empresas ao desenvolvemento sostible da Mariña Lucense”**.

**MODERADOR:** D. MIGUEL NEIRA PÉREZ

*Director Xerente de Armadores de Burela, S.A. (ABSA).*

**RELADORES:**

- **“A xestión ambiental como xeradora de rentabilidade empresarial”**. D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO *Auditor Xefe de Sistemas de Xestión Medioambiental da Delegación de AENOR en Galicia.*

- **“Sistema de xestión medioambiental de Alcoa”**. D. CARLOS GAGO RODRÍGUEZ *Coordinador de Medio Ambiente de Alcoa Primario-España.*

- **“Estratexia medioambiental de Sargadelos”**. D. GREGORIO CAMPILLO CASAIS *Responsable de Producción da Fábrica de Cerámica de Sargadelos, S.L.*

- **“Implantación dos sistemas de calidade e medio ambiente no sector da construción”**. D. ÁNGEL NIÑE REIGOSA *Responsable de Calidade e Medio Ambiente do Grupo MON.*

- **“Modelo de xestión forestal sostible”**. D. DANIEL VILLAPOL VALEA *Conse lleiro Delegado do Grupo Villapol.*

- **“Suministros e servizos para un entorno rural máis sostible”**. D. FRANCISCO XAVIER BARCIA GALLO *Xerente de Os Irmandiños, S.C.G.*

**XOVES, 11 OUTUBRO 2007**

**09,00-14,00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:**

- EDAR municipal de Burela, xestionada por Espina & Delfín, S.L.
- Barco Museo Boniteiro “Reina del Carmen” (Porto de Burela).
- Lonxa do Porto de Burela, xestionada por ABSA.
- Ruta xeolóxica polo litoral de Burela en marea baixa, guiada pola Profª. Dª. Águeda María Barcia Iravedra.

**16,30 h.: CONFERENCIA DE CLAUSURA: “A Administración Local ante o reto ambiental do século XXI: un compromiso necesario cara á sostibilidade de Galicia”**. PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA

**17,00 h.: MESA REDONDA IV: “O camiño cara a sostibilidade da Mariña Lucense”**.

**MODERADORA:** PROFª. DRA. Dª. MARÍA JULIA MELGAR RIOL *Profesora Titular de Toxicoloxía e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.*

**RELADORES:**

- **“Importancia da protección e conservación do patrimonio natural da Mariña Lucense”**. DR. D. ANTONIO CALLEJO REY *Xefe da Sección de Biodiversidade da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia en Lugo.*

- **“Xestión sostible dos recursos mariños: a pesca tradicional fronte á acuicultura”**. D. JOSÉ VICENTE PRIETO GONZÁLEZ *Xefe do Servizo de Recursos Mariños da Delegación Provincial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia en Lugo.*

- **“Problemática sanitaria da Mariña Lucence: datos epidemiolóxicos. Plan de xestión de calidade medioambiental do Hospital da Costa”**. DR. D. JOSÉ MANUEL CASDELO FILGUEIRAS *Director Xerente do Hospital da Costa.* DRA. Dª. BEGOÑA GUILLÁN PAVÓN *F.E.A. de Medicina Preventiva do Hospital da Costa.*

- **“As potencialidades da Mariña Lucence cara ao turismo sostible”**. D. SALVADOR DÍAZ-ECHEVARRÍA ESTÉVEZ *Xefe de Recepción do Parador de Ribadeo.*

- **“Implantación da Axenda 21 Local nos Concellos de Burela, Ribadeo e Viveiro”**. Dª. MARÍA VICTORIA ESCUREDO MERINO *Xefa do Departamento de Consultoría de Novotec Galicia, en representación dos Concellos de Ribadeo e Viveiro.* Dª. MARÍA JOSÉ CASTRO GONZÁLEZ *Técnico de Medio Ambiente do Concello de Burela.*

**20,00 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS**, a cargo de *D. Alfredo Llano García*, Alcalde-Presidente do Concello de Burela; *D. José Ramón Val Alonso*, Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia en Lugo; *Dª. Lucía Bouza Orosa*, concelleira de Medio Ambiente do Concello de Burela; alcaldes dos concellos da Mariña Lucense, e representantes da FEGAMP, CAIXA GALICIA e organismos colaboradores.

## INFORMACIÓN XERAL

### OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo que trate a situación medioambiental da Mariña Lucense, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

### DESTINATARIAS/OS

- Técnicos/os, funcionarias/os e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado de ensino secundario, formación profesional e universitaria que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado coas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos superiores en saúde ambiental, en química ambiental, en traballos forestais e de conservación do medio natural, e de xestión e organización dos recursos naturais paisaxísticos, etc.
- Técnicos e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres e titulados superiores (farmacéuticos, médicos, veterinarios, químicos, biólogos, enxeñeiros, arquitectos, avogados, economistas, xeógrafos, psicólogos, sociólogos, licenciados en ciencias do mar, diplomados en relacións laborais, diplomados en enfermería, etc.) que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes dos ciclos formativos de grao superior de saúde ambiental, de química ambiental, de traballos forestais e de conservación do medio natural, e de xestión e organización dos recursos naturais paisaxísticos, etc.

### METODOLOXÍA

- Exposición por parte do profesorado e relatores do contido teórico do curso co apoio de medios audiovisuais (power point), coa presentación de relatorios técnicos e casos prácticos nos que tamén intervirán activamente o propio alumnado amosando as súas experiencias.
- Realización de visitas prácticas ao medio natural e a instalacións de interese medioambiental e sanitario.
- Mesas redondas (4).
- Exposición sobre: "O medio ambiente natural galego".

### NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** limitado a 60, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 30 €.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria ou entrega en efectivo na oficina principal de Caixa Galicia, situada na avenida Arcadio Pardiñas nº 62 – 27880 Burela (Lugo), nº de conta: **2091 – 0109 – 88 – 3040020666**, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarse / enviarse por fax / e-mail á Secretaría Técnica do Curso. O prazo de inscrición abrirase o luns día 3 de setembro, fixándose a data límite de formalizala o xoves día 4 de outubro ás 14,00 horas.

### DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Ponencias do Curso** e material didáctico diverso.

### DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirán un diploma acreditativo de asistencia.
- A Universidade de Vigo (UV) concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso.
- Solicitude de **1 crédito de libre configuración** á Universidade de Santiago de Compostela (USC). A USC concederá 1 crédito de libre configuración ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).

### SÉ, DATAS E HORARIO

- Sé: Sala de Conferencias do Concello de Burela (Rúa do Correo, s/n. – 27880 Burela).
- **Datos:** do 8 ao 11 de outubro de 2007.
- **Horario:** de 16,30 a 21,00 horas (de luns a xoves). O mércores e xoves (de 09,00 a 14,00 horas) terán lugar unhas visitas prácticas (opcionais).

## SECRETARÍA TÉCNICA DE ORGANIZACIÓN DO XXXII CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL (INFORMACIÓN E INSCRICIÓN)

### CONCELLO DE BURELA - Concillería de Medio Ambiente e Educación

Coordinadora: D.ª María José Castro González.

Casa do Concello. Rúa Eijo Garay, 20 - 27880 BURELA (Lugo)

Tel.: 982 58 10 93 / Fax 981 58 15 62 - E-mail: medioambiente@burela.org

#### FUNDACIÓN COMARCAL A MARIÑA OCCIDENTAL

D. Mario Paz Fuentes  
Avenida Ramón Canosa, s/n.  
27850 VIVEIRO (LUGO)  
Tel.: 982 57 06 70 / Fax: 982 57 06 71  
E-mail: fmarinaoccidental@comarcasdegalicia.com

#### FUNDACIÓN COMARCAL A MARIÑA CENTRAL

D. Manuel Alfonso Valián Valdés  
Praza do Concello s/n. – Casa do Concello  
27850 MONDOÑEDO (LUGO)  
Tel.: 982 52 40 37 / Fax: 982 52 44 10  
E-mail: fund.s.macen@terra.es

#### FUNDACIÓN COMARCAL A MARIÑA ORIENTAL

D.ª María Azucena González Laredo  
Praza de España, 1 – Casa do Concello  
27700 RIBADEO (LUGO)  
Tel.: 982 12 08 01 / Fax: 982 13 09 75  
E-mail: fmarinaoriental@comarcasdegalicia.com

### Organismos colaboradores



### Concellos participantes



### Entidades e empresas colaboradoras



### Recoñecementos e acreditacións



## PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2007

# XXXII Curso de Saúde Ambiental

*Burela (Lugo), 8-11 outubro 2007*



### Patrocinadores oficiais

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA

EGAE

FEGAMP

Director

*Prof. Dr. Francisco Peña*